



PEDRO CABARCOS QUINTELA. YOUTUBE/J. R. MIRANDA

Pedro Cabarcos Quintela nace en Vilalba no ano 1955. É veciño de Viveiro onde ten a súa residencia.

Licenciado en Historia da Arte pola Complutense de Madrid, Profesor de Debuxo de Ensino Secundario, leva varias décadas dedicado ao ensino.

O retrato é unha das súas grandes paixóns, nas que non deixa de experimentar continuamente, moi influído, tal e como el mesmo recoñece, pola súa formación académica en Historia da Arte, aínda que non deixa de traballar na paisaxe a "plein air".


O seu traballo xa foi recoñecido recentemente nunha das máis prestixiosas institucións do mundo como é a "Portrait National Gallery de Londres" que en 2019 seleccionou a súa obra "Ana" para pasar á fase final do BP Portrait Award da propia National Gallery no 2020.

En 2024 gana o premio da *Fundazione Amadeo Modigliani de Roma* co seu cadro *Esperanza*.




PEDRO CABARCOS RETROSPECTIVA

DO 28 DE AGOSTO AO 10 DE OUTUBRO DE 2025
SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA



EXPOSICIÓN



PEDRO CABARCOS RETROSPECTIVA

INAUGURACIÓN
KOVES 28 DE AGOSTO - 20:00 H.
AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

DO 28 DE AGOSTO AO 10 DE OUTUBRO DE 2025
SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL

Luns: 18:00 - 22:00 Martes: 17:00 - 22:00 Mércores: 17:00 - 22:00 Xoves: 17:00 - 22:30 Venres: 17:00 - 22:30



A DIGNIDADE DO COTIÁN

E se a dignidade do suxeito se agocha tras o xesto cotián?

Estamos ante unha retrospectiva que bascula entre a dignidade do retratado e a humildade do artista. Ao contrario do Goya de "La familia de Carlos IV", que non dubida en utilizar o retrato coma un reflexo das debilidades e antipatías que sente o propio artista polos representados, Cabarcos retráese fronte a todas e cada unha das persoas e paisaxes que nos amosa, presentando presenzas desposuídas de adornos accesorios dende o respecto á súa esencia.

Obra tras obra, o artista desaparece insistentemente para desmontar o camiño de actitudes artificiais de personaxes e paisaxes que cobran un sentido propio máis aló dos ollos de quen mira. Dalgunha maneira, máis que representar, Cabarcos habita o mesmo espazo que todos e cada un deles, mira e considera a expresión da súa materialidade sen prexuízos. Son, tal vez sen querelo e por iso son obras honestas, pezas dunha enorme sensibilidade e profundidade psicolóxica, reflexo do interese do artista pola contorna cotiá e por todo o que nela habita. Mais o autor vai máis alá dotando moitos dos retratados dunha dignidad observante -quen mira a quen, preguntámonos-, obtida polo contraste entre o tratamento hiperrealista da figura humana e os espazos dende os que nos observan. Coma nun xogo de espellos, Cabarcos trasládanos á psique do retratado, invitándonos a retirar a mirada daquel que nos mira.



A DIGNIDADE DO COTIÁN-2

E se a humildade foi unha obrigada mención, é inescusable citar a súa formación académica como historiador da Arte, algo que se reflicte ao longo de toda a obra aquí exposta. Pedro Cabarcos é un gran coñecedor de períodos, artistas e estilos artísticos. A aplicación dos seus coñecementos teóricos nesta retrospectiva é máis que evidente e fai complicado calquera estudo estilístico da súa obra pola gran diversidade de influencias das que se nutre e que se suman inesperadamente á singularidade do seu propio estilo. O artista manexa todo tipo de técnicas -óleo, pastel, carboncillo, acuarela- e adapta estilo, cor e composición á personalidade de todo aquilo que materializa. Esta contundente e tenaz diversidade vai dende o retrato realista romano en Lauriña, pasando por homenaxes a Velázquez en O selfie da bisavoa e en Avó Antón, ao tenebrismo de Caravaggio en David ou Chus, os enfoques fotográficos de Degas en Inés, a influencia de Turner nas mariñas de Covas ou San Roman, a contundencia de Cézanne en Castelos 3, a fría elegancia de Hopper en Juani, ou o realismo descarnado en Miña nai Lolita e Avoa Maruja, e estes entre unha longa listaxe na que poderíamos seguir engadindo a influencia da cor de Sorolla en varios dos seus retratos infantís como Mateo ou Noa, os ceos de El Greco en Nacemento de Gea, as cores brillantes e planas de Warhol e Lichtenstein en Avoa Maruja e incluso reminiscencias de Raimundo de Madrazo na delicada e preciosista Xardin de Cangas... e así ata unha lista interminable que enriquece cada unha das obras que se poden apreciar nesta exposición retrospectiva.



A DIGNIDADE DO COTIÁN-3

En definitiva, ante nós temos un artista ecléctico dunha gran destreza técnica e cun vasto coñecemento artístico, capaz de presentar ante nós, unha colección habitada por mundos e personaxes cotiáns tratados dende o respecto e a dignidade que lles dá á súa natureza a mirada neutra do artista.

Carmen Rossell Bielsa, xullo 2025

Carmen Rossell Bielsa, actual directora da Biblioteca da Universidad Internacional de La Rioja. Doctoranda en Historia da Arte Contemporánea pola Universidad Complutense de Madrid e Experta en Xestión Cultural pola UOC. A súa traxectoria académica e profesional céntrase no ámbito internacional cultural e artístico. Durante a súa etapa no Instituto Cervantes xestiona, entre outras, as exposicións celebradas na Jordan National Gallery of Fine Arts, Lamazares: horizonte sen dono e Cerámicas de Picasso.

